



**Laboratorio  
de  
MAURO**

<<ENERXÍA>>

1º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta

1-. Cando golpeamos algún obxecto, o son transformase en enerxía .....			
ACÚSTICA	LUMINOSA	SOLAR	CINÉTICA

2-. A enerxía que teñen os corpos en movemento denomínase enerxía .....			
POTENCIAL	CINÉTICA	MOTRIZ	SOLAR

3-. A capacidade dos corpos para realizar un traballo e producir cambios neles mesmos ou noutros corpos denomínase.....			
GRAVIDADE	POTENCIA	ENERXÍA	VELOCIDADE

4-. A enerxía limpa que se utiliza do interior da terra denomínase enerxía....			
QUÍMICA	GEOTÉRMICA	SOLAR	NUCLEAR

5-. A enerxía que nos proporcionan os alimentos para que o noso corpo funcione ben, denomínase enerxía.....			
CINÉTICA	CELULAR	POTENCIAL	QUÍMICA



2º PROBA: Verdadeiro ou falso. Escribe unha X na opción correcta e xustifica a túa resposta.

1-. O fenómeno producido pola enerxía térmica denomínase dilatación.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

2-.O proceso mediante o cal os núcleos dos átomos se combinan entre si para formar un núcleo máis grande, e liberar enerxía nuclear denomínase: FUSIÓN	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3-.O proceso que realizan as plantas grazas a luz do sol, para elaborar o seu alimento denomínase: SIMBIOSE	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

4-. A enerxía que posúen as ondas electromagnéticas denomínase enerxía RADIANTE	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

5-. A capacidade dun corpo de xerar movemento e de realizar un traballo mecánico chámase enerxía eléctrica.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta


1-. A enerxía contida no núcleo dun átomo é a enerxía .....		
nuclear.	térmica.	cinética.

2-.A orixe fundamental de case toda a enerxía que consumimos é .....		
a lúa.	o sol.	a auga.

3-.O proceso mediante o cal se obtén a enerxía necesaria para mover un vehículo denomínase...		
dilatación.	implosión.	explosión.

4-. A central que aproveita as masas de auga en movemento que circulan polos ríos para transformalas en enerxía eléctrica renovable chámase:		
nuclear.	hidroeléctrica.	eólica.

5-. As sustancias como o plutonio ou o uranio, que orixinan a enerxía nuclear, son denominadas sustancias.....		
radioactivas.	enerxéticas.	potenciais.



No experimento da enerxía utilizamos dous botes coa mesma masa. Comezamos dándolle *enerxía potencial* a unha delas para convertela en *enerxía cinética* e así conseguir que os dous botes se movan.

Le estas dúas situacións e pensa o resultado.



A enerxía potencial ( $E_p$ ) depende da masa do corpo ( $m$ ), da gravidade ( $g$ ) e da altura ( $h$ ).

$$E_p = m \times g \times h$$

Se lanzamos dous botes de igual masa, o primeiro desde 20 cm de altura e o segundo desde 30 cm. Cal terá unha maior enerxía potencia?

**Código secreto:  
Resultado das  
dúas preguntas  
(1º e 2º)**

A enerxía cinética ( $E_c$ ) depende da masa do corpo ( $m$ ) e da velocidade que ten ao principio ( $v$ ).

$$E_c = \frac{m \times v^2}{2}$$

Se temos dous corpos diferentes, o primeiro cunha masa de 38 g e outro de 56 g. Cal terá unha maior enerxía cinética?

Código secreto de Mauro: